



Recomendación dirixida ao Concello de Pazos de Borbén para que dea cumprimento de prazo de resolución dun recurso potestativo de reposición

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2020

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por don ██████████ referente á falta de resolución dun recurso de reposición interposto ante o Concello de Pazos de Borbén.

ANTECEDENTES

No seu escrito, o Sr. ██████████ indícanos :

“ Que, por medio del presente escrito, al amparo del artículo 14 y correlativos preceptos de aplicación de la Ley 6/1984, de 5 de junio, del Valedor do Pobo, vengo a formular QUEJA del Concello de Pazos de Borbén en relación con la falta de resolución expresa del recurso de reposición interpuesto por quien suscribe, a medio de escrito fechado el 9 de enero de 2018, contra el Decreto de Alcaldía del Concello de Pazos de Borben de 29 de noviembre de 2017, por el que se acordó :<< 1.- DECLARAR REPOSTA A LEGALIDADE URBANÍSTICA en relación as obras realizadas por D. ██████████, dentro da parcela con referencia catastral núm ██████████ sita no lugar de ██████████ consistentes nunhas edificación auxiliares escostadas, por mor da completa execución das obras contempladas en comunicación previa achegada o pasado 17 de xullo de 2017, revogándose e deixándose sen efecto a orde demolitoria contida en resolución de Alcaldía de 7 de novembro de 2016 (...)» ; y ello pese a haberle sido recordada al ente municipal mediante escrito de fecha 17.10.2018, esto es más de 9 meses después de interponer el recurso, su obligación de dictar y notificar una resolución expresa del mismo, lo que resulta obligado por imperativo de lo establecido en los Arts. 21, 40, 84 y 88 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (LPAC), sin que la administración pueda abstenerse, en ningún caso , de resolver de forma expresa los recursos interpuestos.

Segundo. Sentado lo que antecede, a la vista de los hechos expuestos y ante la patente e inexcusable inactividad de la Administración municipal, al amparo del artículo 17 y ss. de la Ley 6/1984 de 5 de junio, reguladora de la institución del Valedor do Pobo de Galicia, se viene a solicitar de ese Organismo e institución que admitiendo la presente queja, realice las indagaciones y pesquisas pertinentes a fin de averiguar el motivo por el cual el Concello de Pazos de Borbén no acierta a resolver de forma expresa, tal y como es su obligación ex lege, el recurso de reposición interpuesto por el dicente.

Asimismo, se interesa y ruega la adopción de las medidas oportunas a los efectos de lo dispuesto en el artículo 32 de la Ley 6/1984 y correlativas disposiciones de aplicación.

Por lo anteriormente expuesto,

SOLICITO que, teniendo por presentado el presente escrito, se sirva admitirlo y se tenga por formulada queja ante la irregular actuación del Concello de Pazos de Borbén en relación a los extremos en este escrito descritos, y en su virtud, previos los trámites oportunos, se adopten las medidas pertinentes en orden a esclarecer los motivos de la inactividad administrativa expuesta, y especialmente a los efectos de lo dispuesto en el artículo 32.1 de la Ley 6/1984 y correlativas disposiciones de aplicación, todo ello por ser lo procedente en buen derecho”.

Ante iso requirimos información a ese concello que xa nola remitiu e da que se desprende que o recurso de reposición presentado polo promotor da queixa o 9 de xaneiro de 2018, á data de emisión do informe, 18 de decembro de 2019, está sen resolver.

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

1º.- O artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso potestativo de reposición será dun mes.

2º.- Pola súa banda e segundo o disposto no artigo 29 do mesmo texto legal os termos e prazos establecidos nesa e noutras leis obrigan ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas competentes para a tramitación dos asuntos .

3º.- A tal efecto, o artigo 21 da devandita lei recolle que o persoal ao servizo das Administracións Públicas que teñan ao seu cargo o despacho dos asuntos, así coma os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son directamente responsables, no ámbito das súas competencias do cumprimento da obriga legal de dítar resolución expresa en prazo.

4º.- Destacar tamén que tanto o artigo 103 da Constitución Española como o artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establecen que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa con sometemento pleno á lei e ao Dereito.

Por todo o exposto ata agora considérase necesario , en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Pazos de Borbén a seguinte

RECOMENDACIÓN

Que con urxencia se proceda a dítar e notificar a resolución do recurso potestativo de reposición interposto por don ██████████ en data 9 de xaneiro de 2018 .

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo